



A Sociedade da Información e os/as autónomos/as de Galicia

Edición 2023



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2024



Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución. Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>



Índice de Contidos

1.	Introdución	Páx. 4
2.	Metodoloxía	Páx. 6
3.	Caracterización dos/as autónomos/as galegos/as	Páx. 8
4.	O uso das TIC e comercio electrónico dos/das autónomos/as	Páx. 12
	4.1. Equipamento e conectividade	Páx. 13
	4.2. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC	Páx. 17
	4.3. Dixitalización da organización e xestión das entidades	Páx. 21
	4.4. Tecnoloxías disruptivas	Páx. 31
	4.5. Interacción coas AAPP a través de Internet	Páx. 36
	4.6. Facturación electrónica	Páx. 37
5.	Conclusiones	Páx. 38



1. Introducción

1. Introducción

Estudo elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

O informe analiza comparativamente o uso e avance das tecnoloxías por parte dos autónomos/as galegos/as respecto do resto de formas societarias e do conxunto das microempresas. Os obxectivos do informe son os seguintes:



AVALIAR

Avaliar e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións focalizadas nos autónomos/as galegos/as respecto ao seu nivel de dixitalización



CARACTERIZAR

Caracterización dos autónomos/as galegos: actividade, provincia onde desenvolven a súa actividade, sexo do traballador/a...



ANALIZAR

Analizar información cuantitativa dos autónomos/as galegos relacionada coas TIC:

- Contratación a Internet
- Optimización da xestión empresarial a través das TIC
- Ciberseguridade
- Web e presenza nas redes sociais
- Comercio electrónico
- Tecnoloxías disruptivas





2. Metodología

2. Metodoloxía



Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

A fonte de información empregada é o Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Son datos estatísticos referidos ao ano 2023.

A información relativa ao **equipamento e uso das tecnoloxías** procede da Enquisa sobre uso das TIC e o comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística (INE) facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE) en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a AMTEGA e o IGE. A enquisa foi realizada en 2023 polo INE seguindo unha metodoloxía harmonizada cos organismos estatísticos oficiais da Unión Europea.



Datos complementarios aos publicados polo INE

O convenio de colaboración entre a AMTEGA, o IGE e o INE tamén permite obter unha ampliación dos datos publicados polo INE, especialmente no que se refire a:


- Máis indicadores relativos ás microempresas galegas
- Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Datos de empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade galega



3. Caracterización dos/as autónomos/as galegos/as

3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS/AS GALEGOS/AS

O Ministerio de Empleo e Seguridade Social indica que no ano 2023 hai rexistradas 128.966 persoas como traballadores/as autónomos/as en Galicia, que non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou noutras entidades societarias: tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores/as.




Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2023



No 2023 rexistráronse en Galicia 128.966 autónomos/as que representan o 6,4% do total de autónomos/as de España.

A cifra de traballadores/as autónomos/as en Galicia descende no último ano conforme á tendencia xeral da última década




Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2023

3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS/AS GALEGOS/AS

A distribución por xénero dos/as traballadores/as autónomos/as é sensiblemente diferente en Galicia respecto ao nivel estatal, cunha presenza moito maior da muller galega neste territorio. A fenda entre autónomos e autónomas en Galicia é de 16,4 puntos porcentuais mentres que a nivel estatal é de dez puntos máis (26,4 puntos).

Respecto á idade dos/as autónomos/as, tanto en Galicia como no total de España, a porcentaxe máis elevada de autónomos/as concéntrase no tramo de 40 a 54 anos, superando o 45% no caso galego. En xeral, os/as autónomos en Galicia teñen unha idade máis elevada que en España.


AUTÓNOMOS/AS SEGUNDO SEXO
COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2023



AUTÓNOMOS/AS SEGUNDO IDADE
COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA




Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2023

3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS/AS GALEGOS/AS



No 2023, o sector servizos volve a ocupar o primeiro posto no referente á proporción de traballadores/as autónomos/as tanto en Galicia como en España.

Na Comunidade Galega, o peso e estrutura do sector agrícola ponse de manifesto cun 18,2% de traballadores/as autónomos/as, son 7,6 puntos máis que no promedio do Estado.

AUTÓNOMOS/AS SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE
COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro do 2023



4. O uso das TIC e Comercio Electrónico dos/das autónomos/as


4.1. EQUIPAMENTO E CONECTIVIDADE

4.1.1. EQUIPAMENTO

Máis do 88% dos/as autónomos/as galegos dispoñen de ordenador. Durante o ano 2023 incrementouse a dispoñibilidade deste equipamento cun crecemento do 4,1% respecto ao ano anterior. No período 2019-2023, o incremento rexistrado foi dun 25,4%.



**ENTIDADES QUE DISPOÑEN DE ORDENADOR
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA**
Evolución GALICIA 2019-2023



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


4.1. EQUIPAMENTO E CONECTIVIDADE

4.1.1. EQUIPAMENTO

PERSOAL QUE UTILIZA DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS PARA FINS EMPRESARIAIS

Evolución GALICIA 2019-2023

Base: % sobre o total do persoal



O uso dos ordenadores para fins empresariais entre os/as autónomos/as galegos/as creceu un 5,4% no 2023, ata acadar o 78,7%.


O persoal que utiliza ordenadores conectados a Internet con fins empresariais acada o 73,8% (un 5,9% máis que no 2022).

O 67,4% dos autónomos/as teñen un dispositivo portátil que permite a conexión móbil a Internet para uso empresarial

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

PERSOAL AO QUE SE LLE PROPORCIONA UN DISPOSITIVO PORTÁTIL QUE PERMITE A CONEXIÓN MÓBIL A INTERNET PARA USO EMPRESARIAL

Base: % sobre o total de persoal



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



4.1. EQUIPAMENTO E CONECTIVIDADE


4.1.2. CONECTIVIDADE



CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2019-2023

Base: % sobre o total empresas



A contratación de Internet acada o 85,2% entre os autónomos/as galegos/as no 2023, o que supón un crecemento relativo do 7,3% respecto ao ano anterior.

Dende o ano 2019, o crecemento da contratación de Internet entre os/as autónomos/as foi dun 29,9% en Galicia.


Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.1. EQUIPAMENTO E CONECTIVIDADE

4.1.2. CONECTIVIDADE

TIPO DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet
* Base: empresas con Banda larga fixa



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


O 62,1% dos autónomos/as con banda larga fixa opta por redes de cable e fibra óptica.

O 54,4% dos autónomos/as con banda larga fixa conta cunha velocidade de conexión a Internet superior aos 100 Mbps.



VELOCIDADE DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet e banda larga fixa




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.2. TALENTO DIXITAL: ESPECIALISTAS E PERFÍS TIC

EMPREGAN ESPECIALISTAS TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE




No 2023, o 0,8% dos/as autónomos/as de Galicia empregan especialistas TIC.

Os especialistas TIC máis contratados polos autónomos/as son os especialistas TIC en datos (0,6%).

TIPOLOXÍA DE ESPECIALISTAS TIC QUE EMPREGAN SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total empresas




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.2. TALENTO DIXITAL: ESPECIALISTAS E PERFÍS TIC

% DO PERSOAL ESPECIALISTAS TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Base: % sobre o total empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

CONTRATARON OU INTENTARON CONTRATAR ESPECIALISTAS EN TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Base: % sobre o total empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

PERFIL DE ESPECIALISTAS TIC (TIPOLOXÍA) SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre el total persoal especialistas TIC



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


O 0,6% do persoal contratado son especialistas TIC, e só un 1,7% dos autónomos/as galegos contrataron ou tentaron contratar especialistas TIC no 2023.

No 2023, os especialistas TIC en datos son o perfil que máis abunda entre os/as autónomos/as de Galicia.

4.2. TALENTO DIXITAL: ESPECIALISTAS E PERFÍS TIC

MULLERES ESPECIALISTAS TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Base: % sobre el total persoal especialistas TIC



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

Do total de empregados/a especialistas TIC, o 31,8% son mulleres especialistas TIC.


O valor supera ao observado no resto de microempresas, con outras condicións xurídicas diferentes.



4.2. TALENTO DIXITAL: ESPECIALISTAS E PERFÍS TIC


ENTIDADES QUE PROPORCIONARON ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total empresas




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

O 0,8% dos/as autónomos/as de Galicia proporcionaron actividades formativas TIC a seus empregado/as. Esta formación TIC focalizouse especialmente ao persoal que non eran especialistas en TIC.



PERSOAL AO QUE PROPORCIONARON ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total empresas que proporcionaron actividades formativas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.1. SERVIZOS WEB

DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2019-2023

Base: Empresas con conexión a Internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

No ano 2023, a dispoñibilidade de páxina web entre os autónomos/as de Galicia é do 14,5%.



4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES


4.3.1. SERVIZOS WEB

Os dous servizos con maior presenza nas web das persoas autónomas galegas no 2023 son a descrición de bens ou servizos (100%) e recepción de pedidos ou servizos on line (29,2%),



SERVIZOS DISPOÑIBLES NA PÁXINA WEB SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas con conexión a Internet e Páxina Web




4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.2. TELETRABALLO

O TELETRABALLO SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA


Base: % sobre o total empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

EMPREGADOS QUE TELETRABALLAN REGULARMENTE SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA

Base: % sobre o total empresas que permitiron o teletraballo aos seus empregados/as



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



No 2023, o 9% dos/as autónomos/as galegos/as permitiron a realización do teletraballo por parte dos seus traballadores/as. Destes, só o 7% o fan regularmente, traballando remotamente unha media de 3,1 días por semana.

NÚMERO DE DÍAS EN TÉRMINO MEDIO POR SEMANA NO QUE OS EMPREGADOS/AS TELETRABALLAN SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA

Base: empresas que permitiron o teletraballo a seus empregados/as

	Autónomos	Sociedades	Total Microempresas
Media de días por semana	3,6	3,3	3,4

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES


4.3.3. REDES SOCIAIS

O 26,2% dos/as autónomos/as galegos/as con conexión a Internet emprega as medios sociais. Dos que usan medios sociais a práctica totalidade (94,7%) opta por redes sociais tales como Facebook, LinkedIn ...

MEDIOS SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA

Evolución GALICIA 2019-2023

Base: Empresas con conexión a Internet




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, etc.) SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA

Evolución GALICIA 2019-2023

Base: Empresas con conexión a Internet que empregan medios sociais



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE




4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.3. REDES SOCIAIS

EMPREGO DOUTROS MEDIOS SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Base: Empresas con conexión a Internet que empregan medios sociais



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

Outros medios sociais, como os websites onde se comparten contidos multimedia, son empregadas polo 37,1% dos/as autónomos/as galegos/as que usan medios sociais.

No 2023 o uso dos Blogs de empresas ou microblogs entre os autónomos/as foi do 13,3%.




4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.4. USO, INTERCAMBIO, ANALÍTICA E COMERCIO DE DATOS

EMPRESAS QUE UTILIZAN ERP, CRM e BI SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas con conexión a Internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



No 2023, o software de planificación de recursos empresariais é o software máis utilizado polos autónomos/as galegos. O 7,4% das persoas físicas empregan sistemas de ERP, seguido do 4,1% dos autónomos/as que empregan CRM.




4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.4. USO, INTERCAMBIO, ANALÍTICA E COMERCIO DE DATOS

EMPRESAS QUE COMPARTEN DATOS ELECTRONICAMENTE CON PROVEDORES OU CLIENTES DENTRO DA CADEA DE SUMINISTRO SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Base: Empresas con conexión a internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

EMPRESAS QUE REALIZAN ANALÍTICA DE DATOS POR PARTE DOS SEUS PROPIOS EMPREGADOS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas con conexión a internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



A tarefa de compartir datos dispoñibles entre os autónomos/as galegos acada o 16% entre os seus clientes ou provedores.


Só o 3% dos autónomos/as realizan analítica de datos por parte de seus propios empregados/as.

4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.4. USO, INTERCAMBIO, ANALÍTICA E COMERCIO DE DATOS


TIPOLOXÍA DE ANALÍTICA DE DATOS QUE REALIZAN AS EMPRESAS POR PARTE DOS SEUS PROPIOS EMPREGADOS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados



EMPRESAS QUE REALIZAN ANALÍTICA DE DATOS POR UN TERCEIRO SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas con conexión a internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

Só o 3% dos autónomos/as galegos realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados e a maioría dos datos analizados son sobre rexistros ou transaccións.


Cando a analítica de datos é realizada por parte dun terceiro, o máis común é que o terceiro realice directamente a analítica de datos externos, en lugar de que un terceiro acceda aos datos da empresa directamente ou a empresa compre datos a terceiros.

4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.5. PUBLICIDADE DIRIXIDA

EMPRESAS QUE PAGAN POR ANUNCIARSE EN INTERNET SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Base: Empresas con conexión a internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

EMPRESAS QUE PAGAN POR ANUNCIARSE EN INTERNET USANDO MÉTODOS DE PUBLICIDADE DIRIXIDA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que pagan por anunciarse en internet




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



Durante o ano 2023, o 12,1% dos autónomos/as de Galicia pagaron por anunciarse en Internet, sendo o máis usual neses casos utilizar métodos de publicidade dirixida baseados principalmente, en contidos de palabras craves utilizadas polos usuarios, seguidos de o rastrexo das actividades pasadas ou no perfil de usuarios da internet.

MÉTODOS DE PUBLICIDADE DIRIXIDA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que pagan por anunciarse en internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.3. DIXITALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS ENTIDADES

4.3.6. COMERCIO ELECTRÓNICO


No 2023, o 8,6% dos autónomos/as galegos/as venderon a través da Rede.

Aínda que baixa respecto a 2022, representa un incremento do 115% con respecto ao ano 2019.

VENDAS POR COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2019-2023

Base: % sobre o total empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE




4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS

4.4.1. INTELIXENCIA ARTIFICIAL

EMPRESAS EMPREGAN INTELIXENCIA ARTIFICIAL SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total de empresas con conexión a internet



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE


O 2,6% dos/as autónomos/as galegos/as empregan intelixencia artificial no 2023.

Entre as solucións de IA empregadas polos autónomos/as destacan as solucións de IA que converte a linguaxe falada en formato lexible por unha máquina (100%), de análise da linguaxe escrita (36,7%), e as IA que xera linguaxe escrita ou falada (36,7%).



SOLUCIÓNS DE IA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia Artificial




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS

4.4.1. INTELIXENCIA ARTIFICIAL

USOS DA IA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia Artificial




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



TIPOLOXÍA DE PAQUETES DE IA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia Artificial



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

As solucións de IA de Seguridade das TIC son as máis empregadas polos autónomos que utilizan este tipo de tecnoloxía no 2023.


O máis numeroso dos casos (43,9%) é que os autónomos empreguen solucións de IA que compraron en paquetes comerciais listos para usar.

4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS


4.4.1. INTELIXENCIA ARTIFICIAL

EMPRESAS QUE CONSIDERARON ADQUIRIR ALGUNHA TECNOLOXÍA DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE




Só un 1,8% dos autónomos/as galegos consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia Artificial no 2023.

Os principais motivos de non utilizar solucións de Intelixencia Artificial son os custos elevados (85,4%) e a falta de claridade sobre as consecuencias legais (81,8%) e a falta de coñecemento (76%).

EMPRESAS QUE NON USAN IA: MOTIVOS PARA NON UTILIZAR IA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: % sobre o total empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS

4.4.2. CLOUD COMPUTING


Respecto dos servizos de Cloud Computing, o 5,1% comprou este tipo de servizos no ano 2023. O valor é inferior ao anterior dispoñible, de 2021.



COMPRARON SERVICIOS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2019-2023

Base: Empresas con conexión a Internet




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE
No hai datos para o ano 2022 debido a cambios no cuestionario

4.4. TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS

4.4.2. CLOUD COMPUTING

COMPRA DAS SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: Empresas que usan Cloud Computing



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE

As solucións de Cloud Computing máis destacadas entre os/as autónomos/as son: os servizos de e-mail (56,3%), almacenamento de ficheiros (55,4%), e os servizos de ofimática (53%).

4.5. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET

O uso de Internet para relacionarse coas Administracións Públicas estancase entre os/as autónomos/as galegos.


O 65,9% dos/das autónomos/as con conexión a Internet empregou a Rede para relacionarse coas Administracións Públicas.



INTERACCIÓN COAS AA.PP. SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Evolución GALICIA 2019-2023

Base: Empresas con conexión a Internet




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE
No hai datos para o ano 2021 e 2022 debido a cambios no cuestionario

4.6. FACTURACIÓN ELECTRÓNICA

EMPRESAS QUE ENVÍAN FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO CONDICIÓN JURÍDICA

Base: % sobre o total de empresas



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos do INE facilitados polo IGE



No 2023, só o 9,5% dos autónomos/as envían facturas electrónicas que permiten o seu procesamento informático automático e o 36,3% envían electronicamente as súas facturas pero estas non permiten o procesamento informático.

A tendencia entre os autónomos/as galegos segue a ser a de emitir facturas en papel, o 77,5% das persoas físicas o fan.



5. CONCLUSIONES

5. CONCLUSIÓN

CARACTERÍSTICAS DO/AS AUTÓNOMO/A GALEGO



No ano 2023 hai en Galicia 128.966 autónomos/as, que representan o 6,5% do total dos/as autónomos/as de España.

A distribución por xénero é sensiblemente diferente en Galicia e a nivel estatal, cunha presenza relativamente maior da muller no colectivo galego. A fenda entre autónomos e autónomas en Galicia é de 16,4 puntos porcentuais mentres que a nivel estatal é dez puntos superior (26,4 puntos).

FORTALEZAS



Durante o ano 2023 incrementouse o uso de ordenadores entre traballadores autónomos/as nun 4,1% respecto ao ano anterior.

O 54,4% dos autónomos/as conta cunha velocidade de conexión a Internet superior aos 100 Mbps (+3% respecto ao ano anterior).

No 2023, o 8,6% dos autónomos/as galegos/as venderon a través da Rede, o que representa un incremento do 115% con respecto ao ano 2019.

DEBILIDADES



O 2,6% dos/as autónomos/as galegos/as empregan intelixencia artificial no 2023.

Entre as solucións de IA empregadas polos autónomos/as destacan as solucións de IA que converte a linguaxe falada en formato lexible por unha máquina (100%), de análise da linguaxe escrita (36,7%), e as IA que xeran linguaxe escrita ou falada (36,7%).

Respecto dos servizos de Cloud Computing, o 5,1% comprou este tipo de servizos no ano 2023. O valor é inferior ao anterior dispoñible, de 2021.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA